

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E O CLÚSTER SAÚDE DE GALICIA, PARA A PROMOCIÓN DENDE O CLÚSTER SAÚDE DE GALICIA DO DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DA INNOVACIÓN EN SAÚDE DE EMPRESAS DO SECTOR SAÚDE E DO SECTOR SOCIOSANITARIO

Santiago de Compostela, 26 JUN. 2025

REUNIDOS

Dunha parte Antonio Gómez Caamaño, en representación da Consellería de Sanidade, e como Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, co artigo 11. 2, e) dos Estatutos de ACIS, aprobados polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte D^a Rocío Mosquera Álvarez, na súa condición de Presidenta do Clúster Saúde de Galicia (en adiante CSG), con NIF G70308143 e sede na Avda. Fernando de Casas Novoa, núm. 37, edificio CNL, Portal A-B, 1º andar. San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación da mesma.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Sanidade incorpora, como un elemento fundamental da súa actividade, a investigación e innovación biomédica, e recoñece a súa intención de impulsar un modelo de investigación baseado na innovación e que fomente a interacción entre a administración, as universidades, os centros sanitarios e as empresas.

Así o recoñece a nosa Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a cal adica o Capítulo III do seu Título IX á investigación e a innovación no Sistema público de Saúde de Galicia, declarando que a administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa

vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación, tendo en conta as prioridades marcadas polos plans de investigación e innovación vixentes en cada momento. Sinala tamén que todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación.

Asemade, a lei posibilita que tanto a Consellería de Sanidade, como o Servizo Galego de Saúde e as súas entidades instrumentais, de conformidade coas súas respectivas competencias, subscriban contratos ou convenios con outras entidades públicas ou privadas para a realización de proxectos específicos de investigación ou innovación, que permitan o desenvolvemento conxunto de novas solucións, servizos ligados ao coñecemento, tecnoloxías ou produtos sanitarios.

Proba de todos estes obxectivos e metas é, ademais, a creación por Decreto 112/2015, do 31 de xullo, da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS) que ten como fins xerais o de xestionar a docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

SEGUNDO.- Que ACIS, como ente público instrumental adscrito á Consellería de Sanidade, ten entre outras, as seguintes competencias:

- A xeración de coñecemento nos centros sanitarios, coordinando e planificando a investigación.
- A difusión do coñecemento que atesouran os profesionais sanitarios, a través da formación innovadora.
- A análise e síntese do coñecemento en tecnoloxías sanitarias, mediante a súa avaliación rigorosa.
- A transferencia do coñecemento dentro do ecosistema de saúde e cara á sociedade, a través da innovación.

TERCEIRO.- Que o CSG é unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, réxese polos seus estatutos, pola citada lei orgánica e polo resto de lexislación vixente en materia de asociación que lle sexa aplicable. Aglutina os intereses de varios axentes públicos e privados que traballan no sector saúde. O CSG persegue a cooperación entre todas as institucións e empresas públicas e privadas relacionadas coa saúde e a sanidade, mediante a posta en marcha de proxectos de carácter innovador. O CSG ten a misión de dinamizar a competitividade da industria da saúde en Galicia, contribuíndo ao desenvolvemento económico e social da nosa comunidade a través da cooperación entre todas as institucións públicas e privadas relacionadas co sector saúde.

CUARTO.- Que é un elemento clave para a Consellería de Sanidade promover as relacións internacionais con outras rexións e axentes públicos e privados, especialmente do espazo

européu pero tamén de outras áreas xeográficas, fomentando o desenvolvemento de proxectos de innovación conxuntos. A colaboración internacional é clave para atraer proxectos de innovación a Galicia e impulsar a creación dun ecosistema de innovación en Galicia conectado con rexións punteiras no eido da innovación sanitaria. O impulso deste ecosistema de innovación sanitario galego, con vocación de cooperación internacional, debe potenciar a investigación, o coñecemento e a capacidade tecnolóxica de Galicia, aumentando o nivel de calidade asistencial que a Consellería de Sanidade pretende para os cidadáns galegos e mellorando o día a día dos profesionais do sistema de saúde Galicia.

QUINTO.- O 08.11.2019 a Consellería de Sanidade, ACIS e o CSG formalizaron un convenio co obxecto de regular as relacións de colaboración entre elas de cara a impulsar a creación dun ecosistema de innovación sanitaria en Galicia, ao tempo que o CSG iría establecendo colaboracións internacionais dentro do sector privado, académico e de investigación.

Froito desta colaboración o CSG afianzou o Forum RIES como un evento de referencia do ecosistema de saúde galego e dos seus proxectos innovadores. Xeráronse frutíferas colaboracións que desembocaron en varias misións internacionais directas e inversas, nas que participaron empresas do ecosistema e asociacións de pacientes que acompañaron a membros do CSG. Tamén se ten posibilitado a asistencia a feiras sectoriais e conducido varios seminarios e talleres formativos focalizados na súa maioría na aplicación de solucións tecnolóxicas tanto en asistencia como coidados. A colaboración intercluster continuou avanzado e incluíronse novos clústeres e asinado novos acordos de colaboración con plans de acción asociados.

Posteriormente, con data 22 de marzo de 2022 as partes asinaron un convenio para instrumentar a súa colaboración para a realización dunha serie de actuacións para poñer en valor o ecosistema de innovación sanitaria en Galicia, a nivel rexional, nacional e internacional.

SEXTO.- As partes están interesadas en continuar colaborando na liña xa marcada no ano 2019 e continuada no período 2022-2024, para así contribuír ao desenvolvemento e crecemento do ecosistema de innovación sanitaria en Galicia mediante a realización dunha serie de accións e actividades que permitan acadar un ecosistema de innovación baseado na excelencia, tanto a nivel das institucións públicas como a nivel de institucións de carácter privado.

SÉTIMO.- A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período e o Plan Galego de Investigación e Innovación de Galicia 2025-2027 concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i, tres grandes retos da economía e a sociedade galega.

O terceiro reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación. En relación con este reto, unha prioridade é orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas.

En consecuencia, o presente convenio de colaboración enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo o reto 3 (Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e á prioridade 3 (Enfoque cara ás persoas). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 5, integrándose polo tanto no programa Posiciona da RIS3 de Galicia e no programa Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

OITAVO.- Ao presente convenio resúltalle de aplicación o previsto no artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, por canto prevé que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as Administracións Públicas, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo, entre si ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta dunha serie de actividades, entre as que se atopan os proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; o financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; ou a divulgación científica e tecnolóxica, entre as que se pode encadrar o obxecto do presente convenio, polo que poderá ter unha vixencia inicial de cinco anos, prorrogables por un período de ata cinco anos adicionais.

Por todo iso, as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de actuación conxunta de conformidade cos termos e condicións establecidas nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Consellería de Sanidade, a través de ACIS, e o CSG, de cara á realización dunha serie de actuacións, descritas nas cláusulas seguintes, que poñan en valor o ecosistema de innovación sanitaria en Galicia a nivel rexional, nacional e internacional.

SEGUNDA.- ACTIVIDADES E COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLAS PARTES

2.1 O CSG asume os seguintes compromisos;

- Farase cargo da xestión e coordinación das actividades, dende o punto de vista empresarial, para o impulso e crecemento dun ecosistema e a súa adhesión a redes de ecosistemas de Innovación sanitaria de alto impacto existentes en Europa.
- Promoverá a participación dos seu asociados en proxectos europeos ou transnacionais que repercutan nas súas entidades e no conxunto da sociedade galega.
- Fomentará a participación de axentes do sector privado en convocatorias o programa de innovación europeo *Horizon Europe* ou programas similares
- Farase cargo da comunicación, publicidade e posta en valor do sector empresarial galego, ligado o ecosistema da saúde, asociada ao presente convenio.
- Promoverá as relacións estratéxicas entre clústeres a nivel nacional e internacional

Estes compromisos ampliaranse coa realización das seguintes actividades:

2.1.1. Realización da edición anual de Fórum RIES: foro de encontro entre os principais axentes do sector sanitario e sociosanitario do ámbito público e privado a nivel rexional, nacional e internacional en colaboración coa rede de ecosistemas de saúde ECHAlliance. Será realizado ao longo do segundo semestre de cada ano con localizacións e temas que se acordarán polo órgano de goberno do CSG. A participación de ACIS facilitarase para darlle visibilidade aos seus diferentes proxectos.

Os gastos asociados a esta actividade están suxeitos á entrega da seguinte documentación:

Memorias das edicións do Forum RIES 2025, 2026, 2027, 2028 e 2029

2.1.2. Xestión de solicitudes e testeos en LabSaúde

Enténdese por testeo: o conxunto de actividades orientadas a obter información preliminar sobre o comportamento, a utilidade e a integración dunha tecnoloxía sanitaria nunha contorna asistencial determinada. Este proceso non implica unha avaliación definitiva nin certificación, senón que busca identificar aspectos mellorables e valorar a súa posible adecuación ao uso previsto, sen prexuízo doutros procedementos reguladores ou clínicos posteriores.

O CSG, xestionará a recepción e canalización de solicitudes de testeo recibido directamente ou a través das súas diferentes redes de colaboración de ámbito nacional e internacional. No caso de recibir solicitudes orientadas a un testeo en ámbito hospitalario o CSG organizará as primeiras reunións cos membros que xestionan a rede LabSaude para avaliar a realización dos testeos.

Os gastos asociados a esta actividade están suxeitos á entrega da seguinte documentación:

Informe sobre as solicitudes recibidas por parte do CSG, as reunións mantidas e as conclusións das mesmas.

2.1.3. Organización de accións interclústeres (polo menos unha anual) a nivel nacional entre clústers nacionais e internacionais de saúde co dobre obxectivo de realizar un benchmarking entre clústers pero especialmente para incentivar a colaboración e sinerxías entre as empresas de cada clúster.

Os gastos asociados a esta actividade están suxeitos á entrega da seguinte documentación:

Copia dos convenios de colaboración formalizados e/ou informes de intercambio de formación, conferencias temáticas interclusivas ou eventos temáticos conxuntos.

2.1.4. Participación en feiras e/ou conferencias temáticas ou misións de estudo xunto coa Consellería de Sanidade, ACIS e demais axentes do ecosistema galego de saúde.

Os gastos asociados a esta actividade están suxeitos á entrega da seguinte documentación:

Informe de participación conxunta nas citadas accións.

2.1.5. Elaboración de material promocional audiovisual, dixital, escrito ou de calquera outro formato, do CSG e/ou do sector.

Os gastos asociados a esta actividade están suxeitos á entrega da seguinte documentación:

Copia do material promocional elaborado co fin de promocionar o CSG ou o sector.

2.2. A Consellería de Sanidade e a ACIS asumen os seguintes compromisos:

- Apoio e seguimento da execución das accións do CSG marcadas neste convenio a través da Comisión de Seguimento.
- Difusión da participación e colaboración do CSG no desenvolvemento dos proxectos que se leven a cabo con base neste convenio, mediante a inserción da marca deste, denominación social ou logotipo nos impresos, catálogos e en calquera outra información que se publique ou edite, no seu caso, así como a que sexa mencionada a colaboración do CSG en todos os actos de difusión referidos á actividade derivada deste convenio.
- Participación económica recollida neste convenio, sempre que o CSG xustifique debidamente os gastos acaecidos.

2.3. As partes comprométense a facilitar cuantos datos resulten necesarios para a valoración deste convenio de colaboración no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

TERCEIRA.- COMPENSACIÓN ECONÓMICA E XUSTIFICACIÓN DE GASTOS REALIZADOS

O pagamento realizarase logo da presentación da factura correspondente por parte do CSG, previa comprobación por parte da Consellería de Sanidade da xustificación presentada e da realización da actividade. Anualmente, o CSG presentará unha memoria detallada das actividades desenvolvidas, mediante a desagregación e xustificación das mesmas nunha memoria, na que deberá constar unha relación dos gastos realizados de forma directa polo CSG, con identificación do acredor, factura ou documento equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pagamento.

Esta relación deberá de presentarse antes do 30 de novembro de cada ano, de xeito que non queden remanentes imputables no exercicio seguinte.

A remisión da documentación acreditativa realizarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a presentación do formulario PR004A ("Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado"), que se remitirá, debidamente cumprimentado, á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, que comprobará a documentación xustificativa presentada, emitirá a correspondente certificación e remitirá a documentación á Dirección Xeral de Recursos Económicos.

O pagamento realizado ten carácter de compensación de custo, sen que en ningún caso exista ánimo de lucro. A Consellería de Sanidade participará no financiamento daquelas actividades cunha achega máxima de 100.000 euros (IVE incluído), a cargo da partida orzamentaria 1201.411A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para os exercicios 2025, 2026, 2027, 2028 e 2029 condicionada en todo caso a que exista crédito axeitado e suficiente nos orzamentos para estes anos, distribuídos de conformidade cos cadros seguintes.

Non entanto, estas cantidades poderán incrementarse para a realización de novas accións, segundo a dispoñibilidade orzamentaria, en cuxo caso procederá a formalizarse a correspondente addenda.

A forma de pagamento realizarase a través da facturación á Consellería de Sanidade, anualmente logo da revisión das accións acordadas para a anualidade, do xeito que segue:

PAGO	CONCEPTO	CANTIDADE	PERÍODO
PRIMEIRO	Posta en marcha das actividades 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4 e 2.1.5 xunto cos entregables previstos en cada anualidade	20.000€	30/11/2025
SEGUNDO	Continuación das actividades 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4 e 2.1.5 xunto cos entregables previstos en cada anualidade	20.000€	30/11/2026
TERCEIRO	Continuación das actividades 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4 e 2.1.5 xunto cos entregables previstos en cada anualidade	20.000€	30/11/2027
CUARTO	Continuación das actividades 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4 e 2.1.5 xunto cos entregables previstos en cada anualidade	20.000€	30/11/2028
QUINTO	Continuación das actividades 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4 e 2.1.5 xunto cos entregables previstos en cada anualidade	20.000€	30/11/2029

Sendo o orzamento desagregado estimado polo custo de cada actuación e a súa distribución por anualidades da seguinte forma:

	CONCEPTO	2025	2026	2027	2028	2029
2.1.1	Realización da edición anual de Fórum RIES	13.000,00 €	13.000,00 €	13.000,00 €	13.000,00 €	13.000,00 €
2.1.2	Xestión de solicitudes e testeos en LabSaúde	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
2.1.3	Organización de accións interclústeres	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
2.1.4	Participación en feiras e/ou conferencias temáticas ou misións de estudo	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
2.1.5	Elaboración de material promocional audiovisual, dixital, escrito ou de calquera outro formato, do CSG e/ou do sector.	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
	TOTAL	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €

Sen prexuízo do anterior, non se poderán imputar gastos derivados de actividades anteriores á entrada en vigor do presente convenio.

Dado que a desagregación por actividades ten un carácter estimativo, poderá reatribuír un maior importe a algún concepto, sempre que non se exceda o importe total establecido no convenio.

CUARTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non suporá relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades que asume o CSG que constitúan obxectivo do mesmo e a Consellería de Sanidade ou ACIS, de tal xeito que non se lles poida esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvementos das mesas.

QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes acordan que toda a información e datos que unha parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio, será confidencial e secreto, e non se divulgará a ningún terceiro sen o consentimento da outra parte.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se deroga a Directiva 95/46/CE, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como o resto da lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que podan utilizalos para usos diferentes aos previstos o mesmo, fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

Tras a finalización deste convenio, calquera das partes asinantes poderá reclamar por escrito, á/s outra/s, a rápida devolución ou destrución de calquera información confidencial ou material entregados con anterioridade, sen que poidan quedar copias da mesma, xa estean en forma escrita ou en calquera outra forma tanxible, agás unha copia escrita daquela información que a

institución receptora deba manter atendendo ao cumprimento de aspectos legais e unicamente a efectos de rexistro.

SEXTA.- SEGUIMENTO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES

Constituirase una comisión de seguimento, composta por un/unha representante da Consellería de Sanidade, dous/dúas representantes de ACIS, e dous/dúas representantes do CSG.

A comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) O seguimento o desenvolvemento e aplicación do presente convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos
- b) A resolución daquelas dúbidas que poidan xurdir no cumprimento, execución ou interpretación desde convenio
- c) Propor a modificación das cláusulas contidas no presente convenio.

Esta comisión reunirse en sesión ordinaria logo da sinatura do convenio. Posteriormente, reunirse cunha periodicidade mínima semestral ou en sesión extraordinaria sempre que o requira o asunto a tratar, a solicitude de calquera das partes asinantes.

SÉTIMA.- PROPIEDADE INTELECTUAL

A propiedade intelectual derivada das actividades deste convenio corresponderá, sen prexuízo dos dereitos de autor recoñecidos na normativa aplicable, a todos os asinantes a partes iguais, que poderán utilizar os seus contidos sen límite algunha.

En ningún caso as cláusulas do presente Convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade entre as partes.

O uso non autorizado, ou para un fin distinto ao pactado no presente Convenio por parte de calquera delas de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou intelectual dalgunha das outras, será causa para instar a resolución do presente Convenio.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, así como pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

Este convenio reviste o carácter dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, conforme recolle o artigo 4 do citado texto.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente Convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento. As cuestión litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

NOVENA.- PUBLICIDADE

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos, e calquera outras especificacións, referidos ao convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio na súa páxina web oficial e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

O presente convenio deberá ser obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A sinatura do convenio marco leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

En todo caso, o uso e emprego da imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, deberá respectar o disposto no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos de identidade corporativa da Xunta de Galicia e na Orde do 17 de abril de 2007 pola que se establecen o símbolo, o logotipo e o manual de identidade corporativa do Servizo Galego de Saúde.

DÉCIMA.- VIXENCIA E RESOLUCIÓN

De conformidade co previsto no artigo 34.2 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, este convenio terá unha vixencia de cinco (5) anos a partir do día seguinte á súa firma, non contemplándose nel, non entanto, gastos imputables para o exercicio 2030. O convenio poderá ser prorrogado, por acordo das partes, por un período de ata outros cinco (5) anos adicionais.

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Denuncia de calquera das partes, que se instrumentará por escrito cun aviso previo, mínimo de tres meses.
- b) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, de desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) Incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigas derivadas do presente convenio
- d) Reestruturacións funcionais en calquera das institucións asinantes, que fagan inviable o seu cumprimento.
- e) Desaparición das causas que motivaron a subscripción do convenio
- f) Acordo unánime das partes.
- g) Transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- h) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Nos casos de resolución do convenio, a Comisión de Seguimento, deberá determinar a forma de finalizar as actuacións en custo afectadas.

E en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data que constan no encabezamento

Pola Consellería de Sanidade e ACIS

Polo Clúster Saúde de Galicia, CSG

Antonio Gómez Caamaño

Rocío Mosquera Álvarez